

MEDIO RURAL DESTINOU NOS ÚLTIMOS DEZ ANOS 11 MILLÓNS DE EUROS A FOMENTAR O USO DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS EN COMÚN NO AGRO

- ***A conselleira do Medio Rural destacou hoxe a importancia destas achegas na súa visita á cooperativa Cusoviam, situada en Curtis, que foi beneficiaria destas subvencións***
- ***Ángeles Vázquez explicou que o obxectivo destas axudas é promover o aumento da rendibilidade económica das explotacións agrogandeiras galegas e a mellora das condicións do traballo, a través do enfoque asociativo***

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2017.- A Consellería do Medio Rural destinou nos últimos dez anos preto de 11 millóns de euros ás axudas para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común en réxime asociativo. O principal obxectivo destas achegas é o de acometer proxectos de carácter agropecuario de explotación conxunta que teñan un marcado carácter innovador ou de introdución de novas tecnoloxías. Só na convocatoria deste ano Medio Rural achega un total de 6 millóns de euros para esta finalidade, un orzamento que supón un incremento do 112,5% en relación coas axudas concedidas na última convocatoria de 2016, que ascenderon a 2,8 millóns de euros.

A conselleira Ángeles Vázquez destacou hoxe a importancia destas subvencións na súa visita á cooperativa Cusoviam, situada na localidade coruñesa de Curtis e que foi beneficiaria destas axudas para financiar a construción dunha nave para taller e almacén de maquinaria duns 2.500 metros cadrados. En concreto, esta cooperativa recibiu 327.035,62 euros na convocatoria de 2016, para un investimento total que dobrou esta cantidade. A titular de Medio Rural explicou que con estas axudas trátase tamén de fomentar a incorporación de novos procesos ou de obter novos produtos que contribúan a diversificar a actividade principal das entidades. Así mesmo, perséguese a introdución de actuacións de apoio complementarias á actividade dos socios, sempre co fin de promover o aumento da rendibilidade económica das explotacións agrogandeiras galegas e a mellora das condicións do traballo.

Ángeles Vázquez, que estivo acompañada pola directora xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, Belén do Campo, dixo ademais que esta axuda contribúe ao sostemento do sector agrario e polo tanto ao mantemento dun sector estratéxico para Galicia. E engadiu que fomenta a produción e a realización de actividades en réxime asociativo, cunha racionalización dos medios de produción, o que redonda nunha diminución dos custes.

Cooperativa Cusoviam

Cusoviam é unha cooperativa agraria con 524 socios e dous centros de traballo (Teixeiro e Aranga) que se dedica á fabricación, comercialización e distribución de pensos e materias primas. Dispón tamén de tenda agraria e ofrece servizos agrónomos e veterinarios, así como de aluguer de maquinaria agrícola. A maiores das axudas para equipamentos e instalacións, beneficiouse dunha achega de algo máis de 345.000 euros na liña de utilización de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

maquinaria en común, para un investimento que superou os 786.000 euros, no período 2011-2015. E na convocatoria de 2017 ten aprobada outra axuda por importe de algo máis de 135.000 euros, para un investimento de 270.000 euros, destinado a carro mesturador, grada de discos, arado e grada rotativa.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL.